

Escolma trilingüe da poesía dos 90

Por **Minia Bongiorno García**

Está a piques de saír *A tribo das baleas*, unha escolma de trece autores recentes, en galego, inglés e castelán. A traductora ó inglés dos textos e profesora de Filloxía Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela, Minia Bongiorno, fala sobre a súa experiencia como traductora.

- 04:58 03/04/2001

Dixo Borges que cada lector dun texto convértese noutro autor máis do mesmo, de modo que cada vez que un texto pasa polos ollos dunha persoa, ese texto adquire outra interpretación, outra lectura, outra vida. Así mesmo, o primeiro autor (o creador orixinal do texto, digamos) mata, dalgunha maneira, a súa obra no momento que a publica: unha vez impresa, non existe xa posibilidade de cambio. De aí en adiante, é tan autor da súa obra coma calquera que a poida ler e reinterpretar ó seu antollo.

Así que sen ánimo de comezar un adianto á traducción ó inglés de [A tribo das baleas](#) pedindo desculpas pola imposibilidade -xa clíxé pero aínda boa verdade- de traducir sen traizoar, cómpre subliñar que eu non fun máis que outra mera lectora/autora desta palpitante antoloxía. Coa mala sorte de ter que cumprir co encargo de plasmar e matar a miña lectura -a traducción ó inglés- coa súa publicación, a piques de pasar polas mans da imprenta asasina. Nembargantes, a única posibilidade de dar a coñecer tanta poesía nova, viva e apaixonante a un público amplo é a da súa publicación. E a inclusión das traduccions ó castelán e ó inglés abren tanto máis as portas de acceso a este mundo poético de propostas tan frescas. De feito, non cabe dúbida de que, dalgunha maneira, toda lectura (publicada, como no meu caso, ou non) trátase dunha traducción do galego orixinal ó imaxinario de cada lector e que cada verba, cada verso, resucita a unha nova vida con cada lectura. Así é que poetas e tradutores dependemos todos dos futuros lectores para que esta antoloxía publicada -e a súa consecuente reescritura continuada coa lectura de cada persoa que participe dela- viva e reviva, coma os propios poetas que participaron nela e que seguen a participar na creación e ampliación dun ideario poético que destaca, e destacará sempre, precisamente polo seu dinamismo.

Unha vez exculpada do meu delicto, tamén compre falar da enorme vantaxe de participar na traducción dunha antoloxía de poesía contemporánea: tiven a posibilidade (da que gocei plenamente) de tentar traizoar ó mínimo posible. Dende o principio do proxecto ata as últimas minucias, contei coa axuda inestimable de Helena González, mastigando dúbidas con ela e, en moitos casos, tamén cos propios poetas. De maneira que a miña traducción foi, ata certo punto, o resultado dunha lectura asistida e dirixida no que o rumbo axudáronmo a marcar os propios baleeiros.

Houbo casos como o das *humidosas* de [Emma Couceiro](#), que tras buscar e rebuscar sen éxito en tódolos dicionarios, deime por vencida e recorrín ó correo electrónico para consultar o problema con Helena, quen

me explicou que as *humidosas* son unhas figuras femininas, inventadas e húmidas. O cal me levou a traducir o termo coa circunlocución *humid womanly creatures*, que sen conservar o misterio dunha verba inventada (para iso é preciso ter licencia de poeta, non de traductora), coido que transmite o sentido. Igual pasou coa *andra* da mesma autora, que para conservar o elemento feminino da palabra inequivocamente masculina *andro*, pero coa imposibilidade inglesa de xogar coas terminacións masculinas e femininas, chegamos á conclusión de que a mellor solución era deixar a palabra *andro* intacta pero precedela co prefixo *she*-.

Outro problema na tradución de poesía a un idioma de raíces non románicas é que non se trata só de traducir palabras, senón de traducir cultura. Problemas como o da tradución das *galletas maría* de María do Cebreiro ou do *centovintecatro* de Helena de Carlos, que se reducen a unha galleta común e a un coche pero que, á súa vez, son ideas que están moi estreitamente vinculadas a toda unha cultura e a unha xeración, que, sen perder o fio do poema non foron de fácil solución. Agora está nas mans dos lectores, dos poetas, da antóloga, e mesmo nas miñas propias mans (que de aquí en adiante somos todos lectores/autores), xulgaren se estamos de acordo ou non coa miña lectura, interpretación e reescritura; en definitiva, coa miña tradución.

Helena González, ed. e sel.

A tribo das baleas. Antoloxía da poesía galega última.

Trad. ó castelán, autores varios.

Trad. ó inglés, Minia Bongiorno García.

Vigo: Xerais, 2001.

ISBN 84-8302-602-3